

# Memoria clubs de lectura 2022-23

**Centro:** IES SANTA IRENE

**Código:** 36011592

**Localidade:** VIGO

**Provincia:** Pontevedra

## 1.- CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS

O propósito fundamental deste ano era poñer en marcha o club e conseguir implicar ao alumnado e o profesorado suficiente para poder levalo a cabo. Pódese decir, con orgullo, que se conseguiu, poñendo en marcha ata 6 liñas que funcionaron regularmente. Aínda que algún grupo baixou os seus membros, en xeral, funcionou.

Despois duns anos parado a resposta do alumnado e profesorado foi boa e agora haberá que intentar mantelo para cursos posteriores.

## 2.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Aínda que se mantiveron todas as liñas de traballo propostas, o número de participantes variou, posto que algún dos grupos viu reducido o seu número de participantes a medida que avanzou o curso. Os grupos quedaron finalmente así:

Liña 1. “Valores”, dirixida ao alumnado de 1º ESO. Con 24 participantes que dividimos en tres grupos. Profesor guía: Isabel Capelo (Dept. Relixión). Quedaban nun recreo cada quince días

Liña 2 “Club Manga”, dirixida a todo o centro. 15 alumnos (da ESO e Bacharelato). Profesor guía: Leonor Giménez (Dept. Xeografía e Historia). Quedaban semanalmente nun recreo e case de forma autónoma.

Liña 3 “Iniciación á lectura compartida” dirixida ao alumnado con NEE, 1º ESO, formado por 6 alumnos. Profesor guía: Loli Méndez (Dept. Lingua Castelá). Quedaban un recreo cada quince días.

Liña 4 “Igualdade” dirixida ao alumnado de 2º ESO. Dos 7 participantes iniciais, viuse reducido a 2. Profesor guía: Ruth Rdguez. (Dept. Lingua Inglesa). Quedaban un recreo cada quince días.

Liña 5 “Novela actual” dirixida ao alumnado de 3ºe4º ESO e Bacharelato. 10 participantes. Profesor guía: Ana Díaz Amigo (Dept. Xeografía e Historia). Quedaban un recreo cada quince días.

Liña 6 “Grupo de adultos”, dirixida ao alumnado de adultos. 16 participantes. Profesor guía: Montse Fdez Fraga (Dept. Lingua Galega- Nocturno). Quedaban cada quince días, unha hora antes de empezar as clases dos mércores pola tarde.

**Periodicidade e horario** para cada un dos grupos.

O calendario de reunións previsto no proxecto inicial, respetouse por completo e de forma presencial en todo momento.

1er TRIMESTRE			
LIÑA 1	24 outubro. Entrega do libro 1º recreo	28 novembro. Posta en común 1º recreo	12 decembro Posta en común 1º Recreo

<b>LIÑA 2</b>	25 outubro. 1ª Reunión para anotarse e plantexar o traballo. Quedaban todos os martes no 1º recreo		
<b>LIÑA 3</b>	26 outubro. Entrega do libro 1º recreo	30 novembro. Posta en común 1º recreo	14 decembro Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 4</b>	27 outubro. Entrega do libro 2º recreo	1 decembro. Posta en común 2º recreo	15 decembro Posta en común 2º Recreo
<b>LIÑA 5</b>	28 outubro. Entrega do libro 2º recreo	2 decembro. Posta en común 2º recreo	16 decembro Posta en común 2º Recreo
<b>LIÑA 6 “Adultos”</b>	24 outubro. Entrega do libro. Ás 17 h.	28 novembro. Posta en común Ás 17 h.	12 decembro Posta en común Ás 17 h.
<b>2º TRIMESTRE</b>			
<b>LIÑA 1</b>	16 xaneiro. Posta en común 1º recreo	13 febreiro. Posta en común 1º recreo	13 marzo. Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 2</b>	Quedaban todos os martes no 1º recreo		
<b>LIÑA 3</b>	18 xaneiro. Posta en común 2º recreo	15 febreiro. Posta en común 2º recreo	15 marzo Posta en común 2º Recreo
<b>LIÑA 4</b>	19 xaneiro. Posta en común 1º recreo	16 febreiro. Posta en común 1º recreo	16 marzo Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 5</b>	20 xaneiro. Posta en común 2º recreo	17 febreiro. Posta en común 2º recreo	17 marzo Posta en común 2º Recreo
<b>LIÑA 6 “Adultos”</b>	16 xaneiro. Posta en común. Ás 17 h.	13 febreiro. Posta en común . Ás 17 h.	13 marzo Posta en común. Ás 17 h.
<b>3º TRIMESTRE</b>			
<b>LIÑA 1</b>	27 marzo. Posta en común 1º recreo	17 abril. Posta en común 1º recreo	29 maio Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 2</b>	Quedaban todos os martes no 1º recreo.		
<b>LIÑA 3</b>	29 marzo. Posta en común 2º recreo	19 abril. Posta en común 2º recreo	31 maio Posta en común 2º Recreo
<b>LIÑA 4</b>	30 marzo. Posta en común 1º recreo	20 abril. Posta en común 1º recreo	1 xuño Posta en común 1º Recreo
<b>LIÑA 5</b>	31 marzo. Posta en común 2º recreo	21 abril. Posta en común 2º recreo	2 xuño Posta en común 2º Recreo
<b>LIÑA 6 “Adultos”</b>	27 marzo. Posta en común. Ás 17 h.	17 abril. Posta en común. Ás 17 h.	29 maio Posta en común. Ás 17 h.

### 3.- ACTIVIDADES

A actividade principal foi a lectura sen restricións de xénero, autor ou época. A lectura en solitario ou compartida, ou simultánea, era o obxectivo primeiro que nos propuxéramos, seguida das reflexións e opinións dos membros do grupo.

Liña 1. “Valores”, dirixida ao alumnado de 1º ESO levou a cabo dúas lecturas que acompañaron no final de curso coa visualización da película “O neno do pixama de raias” (30 de maio) que permitirá xuntar a todo o alumnado participante. Como eran moitos fixéronse tres grupos un por clase pero para ver o filme, quedaron un día a comer todos xuntos coa súa profesora guía e disfrutaron dunha tarde de intercambio de impresións sobre a lectura. Aproveitando a visita ao centro do poeta, Premio Nacional de Literatura Xuvenil, Antonio García Teijeiro, algún membros do Club de

Lectura e do voluntariado en concreto catro nenas deste grupo, prepararon unha escenificación de algún dos poemas do seu poemario *Poemar o mar*.

Liña 2. “Club Manga”, quedaban todos os martes e preparaban exposicións orais para presentar os seus cómics favoritos ao resto do grupo. No mes de marzo asistiron ao IES Álvaro Cunqueiro para facer unha quedada manga, e no mes de abril fixeron outra ao IES Valadares onde levaron as súas presentacións para compartir as experiencias con outros compañeiros.

Liña 3 “Iniciación á lectura compartida”, a profesora guía destaca os pequenos avances que facía co pequeno grupo de nee. Quedaban na Biblioteca e no segundo trimestre escolleron eles mesmos os libros que quixeron. Nas lecturas comúns e compartidas aprenderon a respetar o turno de lectura e disfrutaron da lectura dunha obra teatral, que os implicou no proceso de lectura (atención, seguimento, entonación...).

Liña 4 “Igualdade”, foi o grupo que quedou máis reducido. Ao final só quedaron dúas rapazas. As súas quedadas eran na Biblioteca e estamos pendentes dun roteiro polas rúas de Vigo, adicadas ás mulleres e promovido polo Concello de Vigo. Aproveitando a visita ao centro do poeta, Premio Nacional de Literatura Xuvenil, Antonio García Teijeiro, algún membros do Club de Lectura e do voluntariado prepararon a presentación do autor e uns traballos baseados no poemario *O Xardín do Poeta*, que se expuxeron na entrada.

Liña 5 “Novela actual”, este grupo habilitaron un aula para quedar nos recreos dos venres. A actividade máis esperada foi o roteiro literario de *A Praia dos Afogados* en Nigrán.

Liña 6 “Grupo de adultos”, esta liña tivo un gran éxito no grupo de nocturno de adultos. Disfrutaron da lectura compartida os mércores na Biblioteca. Tamén fixeron o roteiro literario de *A Praia dos Afogados* en Nigrán coincidindo na lectura co grupo de diurno, e compartiron libros nun préstamo interbiblioteca co IES de Mos.

Para impulsar a lectura en galego o club de lectura alternou as lecturas en lingua castelá e lingua galega deixando ao gusto dos lectores a elección.

Os grupos de lectura foron mixtos, de maneira que a inclusión dos sexos estivo garantida.

### **Títulos lidos:**

Liña 1. “Valores”:

Lectura compartida:

*El niño con el pijama de rayas*, John Boyne, ed. Salamandra 9788498382549

*O neno do pixama de raias*, John Boyne, ed Narrativa K. 9788416721375

Leuse nas dúas versións galego e castelán, cada un escolleu a que quixo.

*Cuando Hitler robó el conejo rosa*, Judith Ker, ed. Santillana (Loqueleo). (Castelán)  
9788491221395

*Poemar o mar*, A. García Teijeiro, ed. Xerais. (Galego) 9788469846414

Liña 3 “Iniciación á lectura compartida”:

Lecturas compartidas:

*Mitos y leyendas del antiguo Egipto*, Robert Swindells, ed. Vicens-Vives (Cucaña) (Castelán)

9788468219400

Lectura individual escollida por eles mesmos:

*Nariz de payaso*; Jordi Sierra I Fabra, ed. Anaya. (Castelán) 9788469891261

*El abominable hombre de las nieves*, R.L. Stine, ed. Grupo Z (Colección Pesadillas) (Castelán)

9788416387366

*Ojalá no hubiese números*, Esteban Serrano Marugan, Nivola Libros y Ediciones. (Castelán)

9788492493715

*Air Gear 37, Oh Great*, ed. Norma Cómics (Castelán) 9788467913477

Lecturas compartidas:

*La dama del alba*, Alejandro Casona, ed. Vicens-Vives (Castelán) 9788468283531

*La cabeza del dragón*, Ramón María del Valle-Inclán, ed. Espasa-Juvenil. (Castelán)

9788423988815

Liña 4 “Igualdade”:

Lecturas compartidas:

*Imperfectas*, Violeta Monreal, ed. San Pablo. (Castelán) 9788428558242

*O Xardín do Poeta*, A. García Teijeiro, ed. Xerais. (Galego) 9788491219637

Liña 5 “Novela actual”

Lecturas compartidas:

*Alguien está mintiendo* de McManus, Karen M., ed. Alfaguara (Castelán) 9788420486260

*Un de nós mente*; MacManus, Karen. Ed. Debolsillo. (Galego) 9788416884223

Leuse nas dúas versións galego e castelán, cada un escolleu a que quixo.

*A Praia dos afogados*, Domingo Villar, ed. Galaxia (Galego) 9788491514329

*Te daría el mundo*, Jandy Nelson, ed. Alfaguara Infantil y Juvenil. (Castelán) 9788466371018

Liña 6 “Grupo de adultos”:

*Los asquerosos*, Santiago Lorenzo, ed. Blackie Books. (Castelán) 9788417059996

*Os seres queridos*, Berta Dávila, ed. Xerais. (Galego) 9788411100304

*A Praia dos afogados*, Domingo Villar, ed. Galaxia (Galego) 9788491514329

#### **4.- MATERIAIS**

Un selo para o Club de Lectura, específico, tomando como debuxo, á gañadora do concurso de selos, que se levou a cabo ao final do curso pasado. Pode verse nas entradas ao blog porque se utiliza para a portada dos balances trimestrais.

Carteis para recordar o calendario das quedadas do Club de lectura nas aulas da ESO e de Bacharelato e do Club Manga.

No caso concreto da Liña 2 “Club Manga”, basearon as súas xuntanzas en presentacións en diferentes soportes dixitais de diferentes cómics e que logo levaron e compartiron coas quedadas con outros Clubs Manga de Vigo. Incluío as entradas ás presentacións:

[https://www.canva.com/design/DAFZcoztsil/NcxsG5tAbZFjDb08VAEgJA/edit?utm\\_content=DAFZcoztsil&utm\\_campaign=designshare&utm\\_medium=link2&utm\\_source=sharebutton](https://www.canva.com/design/DAFZcoztsil/NcxsG5tAbZFjDb08VAEgJA/edit?utm_content=DAFZcoztsil&utm_campaign=designshare&utm_medium=link2&utm_source=sharebutton)

[https://www.canva.com/design/DAFdF3tNfVE/CpMJ8N4K1bDSxrcv6dEUYg/edit?utm\\_content=DAFdF3tNfVE&utm\\_campaign=designshare&utm\\_medium=link2&utm\\_source=sharebutton](https://www.canva.com/design/DAFdF3tNfVE/CpMJ8N4K1bDSxrcv6dEUYg/edit?utm_content=DAFdF3tNfVE&utm_campaign=designshare&utm_medium=link2&utm_source=sharebutton)

[https://www.canva.com/design/DAFZWH23Ft8/zN6PwXlx08M\\_p3zy9zObBA/edit?utm\\_content=DAFZWH23Ft8&utm\\_campaign=designshare&utm\\_medium=link2&utm\\_source=sharebutton](https://www.canva.com/design/DAFZWH23Ft8/zN6PwXlx08M_p3zy9zObBA/edit?utm_content=DAFZWH23Ft8&utm_campaign=designshare&utm_medium=link2&utm_source=sharebutton)

Na Liña 1 “Valores”, unhas rapazas do club de lectura que tamén pertencen o voluntariado, elaboraron un recitado e representación dalgúns dos poemas de *Poemar o Mar*, aproveitando a presenza de Antonio García Teijeiro.

Outras alumnas da Liña 4 “Igualdade”, xunto con alumnas do voluntariado prepararon a presentación do autor Antonio García Teijeiro e tamén uns traballos expostos na entrada inspirados na súa obra, *O xardín do poeta*.

Diferentes carteis, para indicar o día e hora das xuntanzas.

## 5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

O alumnado respondeu positivamente á iniciativa. Salvo algún grupo que quedou reducido a 2 participantes, en xeral, todos responderon dende o primeiro momento e de forma responsable, participando activamente nas conversas e actividades propostas.

## 6.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO

Como se pode ver nesta memoria despois de varios anos parado o club de lectura ponse en marcha grazas non só ao alumnado (imprescindible para crealo), senón tamén pola disposición do profesorado que aceptou a proposta e asumiu un traballo extra fóra do seu horario e ocupando o seu tempo de lecer.

Creáronse seis liñas dirixidas cada unha delas por un profesor distinto dando cabida a diferentes grupos organizados por idades e preferencias.

De tódolos xeitos fixéronse actividades (roteiros, xornadas...) que supuxo que o alumnado perdera algunha clase e non houbo pegas por parte do resto de profesorado que impartía clase ao resto do grupo nin se viu perxudicado o alumnado asistente.

Así que todo o profesorado aceptou de bo grado o Club, incluído o equipo directivo que promoveu a iniciativa dende o comezo.

### **Dentro das actividades tamén se fixo Colaboracións con outros clubs ou institucións culturais da contorna:**

A liña “Club Manga” participou en dúas quedadas de club manga en Vigo.

No mes de marzo levaron as súas presentacións ao IES Álvaro Cunqueiro de Vigo. (Poden verse fotos no balance do blog que está no apartado anterior)

O 14 de abril asistiron á quedada manga no IES Valadares de Vigo. (Poden verse fotos no balance do blog que está no apartado anterior)

Estamos pendentes dun roteiro polas rúas de Vigo con nome de muller, para a Liña “Igualdade”, senón quedará pendente para o curso próximo.

A liña “Grupo de Adultos” fixo unha petición de libros interbiblioteca co IES de Mos, para poder levar a cabo a lectura de *A Praia dos Afogados*, que tamén lían, o grupo de “novela actual”.

A liña “Grupo de Adultos” e o grupo de “novela actual” fai un roteiro literario pola ruta de *A Praia dos Afogados*, actividade promovida polo Concello de Nigrán.

### **Descrición breve das rutas literarias realizadas:**

A liña “Grupo de Adultos”, fixo a súa ruta o 16 de maio e a liña de “novela actual” díxoa o 31 de maio. (Aberá fotos no balance do terceiro trimestre)

Durou 2 horas e sae da Praia da Madorra, onde aparece o cadáver. Sigue no porto de Panxón, onde está a taberna O refuxio do Pescador. Logo vaise ao Templo Votivo do Mar de Antonio Palacios, onde Leo Caldas se entrevista co párroco. Máis tarde vaise a península de Monteferro para ver Punta Lameda, onde aparece fundido o barco e finalmente conclúe no Monumento á Marina Univesal.

## **7.- BIBLIOTECA ESCOLAR**

A biblioteca escolar cedeu o seu espazo para albergar nos recreos ao alumnado do club e a súa coordinadora foi a encargada de mercar o material necesario para levalo a cabo.

Por outra banda, tres membros do equipo de biblioteca fixéronse cargo de tres das seis liñas abertas e incluso nun caso ata repartiu o grupo en varios días por ser moi numeroso.

Tamén algún membro do voluntariado de Biblioteca participaban no club que foron fundamentais para animar ao resto dos compañeiros.

## **8.- VISIBILIDADE. DIFUSIÓN**

Utilizouse o blog da biblioteca “a cova máxica” para facer balance trimestral do que se ía facendo no club e así animar a máis rapaces.

Primeiro Trimestre:

<http://acovamaxica.blogspot.com/2022/12/club-de-lectura-santa-irene-balance-do.html>

Segundo Trimestre:

<http://acovamaxica.blogspot.com/2023/04/balance-club-de-lectura-santa-irene-2.html>

Terceiro Trimestre:

<https://view.genial.ly/647369af30e41c00127cd4e1/presentation-copia-club-de-lectura-ies-santa-irene-2o-trimestre>

Algúns das liñas abertas tiñan aberta para estar en contacto un grupo na Aula Virtual do centro, concretamente:

Liña 1 “Valores”:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessantairene/aulavirtual/course/index.php?categoryid=30>

Liña 5 “Novela actual”:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessantairene/aulavirtual/course/index.php?categoryid=43>

Liña 6 “Grupo de adultos”:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessantairene/aulavirtual/course/index.php?categoryid=43>